

ALBA DE COMPOSTELA | Daniel Lorenzo, María Rosa Álvarez e Angi Porto, distinguidos este 2023

elcorreogallego.es/santiago/2023/07/19/daniel-lorenzo-maria-rosa-alvarez-90046342.html

Lorena Rey

19 de julio de 2023



Estes serán os homenaxeados no 'Alba de Compostela' ECG

Daniel Lorenzo Santos, director da **Fundación Catedral de Santiago**; os equipos femininos do **Hóckey Club Raxoi**; **María Rosa Álvarez Prada**, decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e directora técnica do Plan Socio-Comunitario de Vite; e **Ánxeles González Porto 'Angi'** propietaria do pub Borriquita de Belém e membro da Asociación Cultural Cidade Vella, serán as persoas homenaxeadas na primeira edición do **acto Alba de Compostela**, que se celebrará o vindeiro 25 de xullo, con motivo do día grande das Festas do Apóstolo, no Teatro Principal, a partir das 13.35 horas.

Un acto organizado polo Concello de Santiago, cuxo nome se inspira no **afamado discurso Alba de Gloria que Castelao fixo en Bos Aires o mesmo día de 1948**, e que pretende **homenaxear a composteláns e entidades locais que contribúan a “facер cidade todo o ano”**. Dende o seu anuncio, os partidos da oposición, PP e PSOE, reclamaron que se trasladase a outro día unha cita institucional que, ao seu modo de ver, pretende **“contraprogramar” a Ofrenda do Apóstolo**.

PUBLICIDAD



Ánxeles González Porto, 'Angi' ecg

A alcaldesa, **Goretti Sanmartín, tivo claro dende o primeiro momento que non daría un paso atrás na súa convocatoria.** Sanmartín pronunciou que “sempre que non choque coa Ofrenda entendemos que non teñen ningunha lóxica (as críticas). A Alba de Compostela vai ser un acto de homenaxe e recoñecemento ano a ano que imos continuar”, declarou no seu día, ao tempo que compartiu que dende o momento que se coñeceu a iniciativa “houbo **numerosas persoas que felicitaron o goberno local**”.



María Rosa Álvarez Prada fdv

O obxectivo do Concello con este evento é sumarse de forma activa á **celebración do día grande da cidade e de Galicia**, rendendo homenaxe a aquelas **persoas, institucións e organizacións vencelladas á cidade** tendo en conta a súa

identificación con Santiago, o seu **arraigamento social**, a súa **relevancia** ou a súa **proxección**. Seguindo estes criterios de valoración, a edición deste ano de Alba de Compostela renderá homenaxe ás seguintes persoas e institucións:



Daniel Lorenzo Santos ecg

Daniel Lorenzo Santos, director da Fundación Catedral de Santiago, polo seu labor para achegar á cidadanía o proxecto de rehabilitación da Catedral, socializando o proceso a través dun coidado **programa de visitas** que pon en valor a **complexidade e importancia da conservación desta obra** do patrimonio histórico e cultural universal.



Integrantes dun equipo feminino do Hóckey Club Raxoi cedida

Os equipos femininos do Hóckey Club Raxoi, polos seus éxitos en ligas galegas e estatais, erixíndose en referentes no deporte de competición en xeral e no hóckey en particular; e pola súa contribución a difundir a aposta do club pola participación feminina na práctica do hóckey sobre patíns, na infancia e na mocidade.

María Rosa Álvarez Prada, decana do **Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia** e **directora técnica do Plan Socio-Comunitario de Vite**, pola súa dedicación profesional e persoal á transformación do barrio de Vite, implicando persoas e entidades nun proxecto social que as erixe como protagonistas e impulsoras do espazo veciñal, modelo de intervención sociolaboral, colaborativa e educativa.

Ánxeles González Porto, **propietaria do pub Borriquita de Belém** e **membro da Asociación Cultural Cidade Vella**, polo seu labor de dinamización da zona histórica da cidade, contribuíndo a resignificar os espazos de lecer nocturno a través da experiencia cultural, e polo seu compromiso activo coa hostalería de proximidade e cunha marcada función de retorno social para a veciñanza.

Simbolismo e historia

O acto bebe do **contido simbólico e histórico de *Alba de Gloria***, o discurso de Castelao, situado na mañá do 25 de xullo, que fai unha semblanza dos personaxes históricos que desde a Idade Media contribuíron a construír a **identidade e a presenza no mundo de Santiago e de Galicia** e formula un desexo de esperanza no futuro. Neste 2023 celébrase, ademais, o **75 aniversario** deste texto.

Tamén se inspira na Estrela de Santiago, unha estrela de oito puntas, presente no escudo de Santiago e visible en moitos lugares da cidade. Rememora o sinal que indicou onde se había de construír Compostela cuxo nome está relacionado, no imaxinario popular, co “campo da estrela”. Vincúlase tamén con outras tradicións como a da **relación entre o Camiño de Santiago e a Vía Láctea**.